

Para participar nos concursos organizados pola Federación Columbófila Galega (FCG) é condición estar en posesión das licenzas da Real Federación Colombófila Española (RFCE) e da FCG, ter presentado o censo anual de pombas nos tempos que se determinen e **ter o pombal dado de alta no rexistro de explotacións avícolas (explotacións de columbofilia) da Xunta de Galicia ou en trámites para o rexistro.** (art. 2º Regulamento Deportivo da FCG)

Cando un novo socio presente o seu primeiro censo terá que presentar, xunto cos impresos para darse de alta, copia de ter solicitado a inscrición no rexistro REGA ao Servizo de Gandaría da Xunta (Departamento Territorial da provincia de que se trate) ou, no caso de ter xa recibida a contestación por parte da administración, copia da súa resolución.

Recordamos que os documentos que hai que presentar á administración para tramitar o REGA son os seguintes:

1. **Formulario** de solicitude debidamente cumprimentado.
2. **Fotocopia do NIF** do titular ou titulares do pombal.
3. **Croquis de situación** do pombal.
4. **Xustificante de pago de taxas.** O impreso de autoliquidación, modelo "A euros", proporcionao o banco onde se faga o pago. O custe de cada solicitude é de 9,65 €.
5. **Declaración xurada** de que non se ten constancia de que exista algunha explotación industrial a menos de 500 metros dos pombais nin de explotacións artesanais a menos de 250.

O modelo de instancia e as instrucións para a cumprimentalo e obter o plano da situación do pombal van axuntos.

A forma máis sinxela para presentar a documentación é levala ao portelo único da Xunta de Galicia que hai nos Concellos. Quedarse sempre con copia con rexistro de entrada.

Os interlocutores da Xunta de Galicia cos que a FCG negociou a tramitación dos REGA para o noso colectivo paralizaron a oficialización da 'Cartilla Sanitaria de Columbofilia' como 'Libro de Explotación',

Declaración censal anual

A Federación Galega ten que facer chegar á administración, a principios de ano, o resumen da declaración censal de todos os seus socios con data de 31 de decembro. Para isto, cando se entreguen os censos, os clubs enviarán os datos requiridos no modelo "Resumen de censos para a Xunta".

Outro tema importante relacionado cos REGA ten que ver cos adestramentos particulares. Axuntamos copia da "**INSTRUCCIÓN SOBRE EXPLOTACIÓNS DE COLOMBOFILIA**", asinada o 26 de abril de 2010 polo xefe do servizo de Sanidade Animal, Sr. Jorge Enrique Mourelo Estella onde, na súa segunda páxina, parágrafo primeiro do epígrafe **DOCUMENTACIÓN SANITARIA PARA MOVEMENTOS**, di que para os "*movements de adestramento de pombas de competición considérase non necesaria a documentación sanitaria*", ou sexa, as guías sanitarias. De tódolos xeitos pensamos que é recomendable levar copias da inscrición no rexistro REGA e do censo para os adestramentos privados. Coidar que isto vale para que cada columbófilo poda transportar as súas propias pombas no seu propio vehículo, pero non para transportar pombas de varios compañeiros en conxunto, situación para a que a Administración pide a retirada de guía sanitaria por considerar esta situación como de "agrupamento". Para estes casos nos que se utilicen transportes colectivos, a Federación pode tramitárlle-la guía aos clubs que o soliciten, previo envío á secretaría ca suficiente antelación dos plans de adestramentos que deseñen.